

Destinatario: D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ

Asunto: Notificación da resolución da solicitud de acceso.

Expediente: DAIP1/2020.

Resolución do letrado oficial maior do Parlamento de Galicia, do 27 outubro de 2020, da solicitude de acceso á “información publicada a todos os medios de comunicación polo Gabinete de Comunicación do Parlamento o 3 de abril de 2020 que di: O Parlamento de Galicia transfire á Xunta unha partida de 2 millóns de euros”

O 14 de outubro de 2020, a Oficialía Maior da Cámara recibe un escrito (doc. núm. 3491) remitido por D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ no que solicita: copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago, datos actualizados do gasto e xustificación, información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreta deste, se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.

Motiva a súa solicitude na realización dun amplo dossier sobre as campañas políticas sobre o COVID19 nas grandes capitais provinciais.

Tendo en conta os seguintes

Fundamentos de derecho

A Lei de Galicia 1/2016, do 16 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ten por obxecto regular a transparencia e a publicidade pública, entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública (art. 1 da Lei 1/2016); debendo entenderse por esta, os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación dessa lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Entre os suxeitos comprendidos no seu ámbito de aplicación está o Parlamento de Galicia en relación coas súas actividades suxeitas a dereito administrativo e, en todo caso, respecto dos seus actos en materia de persoal e contratación [art. 3.1.d) da Lei 1/2016].

Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (art. 24 da Lei 1/2016), dentro das limitacións legalmente establecidas (art. 25 da Lei 1/2016, en relación cos arts. 14 e 15 da Lei 19/2013). Ese dereito exercerase coa presentación da correspondente solicitude (art. 26 da Lei 1/2016) que se tramitará conforme á normativa básica do Estado (art. 27 da Lei 1/2016).

Polo exposto

RESOLVO:

1. En relación coa solicitude de “entrega da copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago”, precisase que a información solicitada versa sobre un expediente tramitado pola

26 OUT. 2020

Núm. 881

Cámara para transferirlle á Xunta de Galicia o importe de 2.000.000,00€ cara a contribuir polo Parlamento a afrontar a situación económica ocasionada pola COVID19. Este expediente consistiu nunha modificación orzamentaria realizada ao abeiro do disposto nos artigos 10 e 15 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (BOPG núm. 362, do 27 de maio de 2003), coa finalidade de habilitar o crédito existente na Tesouraría e poder así transferilo á Xunta de Galicia, previamente informado pola Intervención do Parlamento, co conseguinte acordo adoptado en sesión do 3 de abril de 2020 pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento, do que se deu conta ao Pleno do Parlamento de acordo ao previsto no artigo 57.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia na sesión plenaria do 22 de setembro de 2020.

É dicir, non se precisou de convenio ou outro documento para a súa formalización á parte do mencionado acordo do que se achega unha copia.

2. En relación coa solicitude de “datos actualizados do gasto e xustificación” e “se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.”, o Parlamento non dispón de información sobre o destino final ao que a Xunta de Galicia dedicou ou poida dedicar os fondos transferidos. Motivo polo que ao non estar esa información no noso poder, trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

Non obstante, cómpre indicarle que a transferencia efectuouse sen unha concreción finalista mais alá de “contribuir economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID19”. Como sabe a pandemia existente supón un maior esforzo económico das arcas públicas en todos os eidos amén do incremento dos gastos de carácter sanitario. Ao que hai que engadir o recordatorio de que en materia orzamentaria rexe o principio de universalidade, o que supón que o excepcional son os ingresos claramente afectados a un fin determinado.


3. En relación coa solicitude de “información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreto deste”, o Parlamento non é o titular da conta bancaria no que se efectuou o ingreso, senón a Xunta de Galicia, motivo polo que ao non ser titular a Cámara desa información trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

De conformidade co establecido no artigo 20.2 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), contra a presente resolución, poderá interporse recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a Mesa do Parlamento.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020.

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial menor



PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA	REXISTRO XERAL SAÍDA
26 OUT. 2020	
Núm. 882	

Destinataria: Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Asunto: Traslado de petición derivada do ejercicio do dereito de acceso á información pública referida a aquela que non obra en poder da Administración do Parlamento de Galicia (art. 19.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en relación co art. 27.1 da Lei de Galicia 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno).

Expediente: DAIP1/2020.

O 14 de outubro de 2020, a Oficialía Maior da Cámara recibe un escrito (doc. núm. 3491) remitido por D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ —do que se traslada unha copia—, no que solicita: copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago, datos actualizados do gasto e xustificación, información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreta deste, se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.

Motiva a súa solicitude na realización dun amplio dossier sobre as campañas políticas sobre o COVID19 nas grandes capitais provinciais.

En relación con esta solicitud, esta Oficialía Maior, con data do 26 de outubro de 2020, ditou resolución nos termos seguintes:

1.º) En relación coa solicitud de “entrega da copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago”, precisase que a información solicitada versa sobre un expediente tramitado pola Cámara para transferirlo á Xunta de Galicia o importe de 2.000.000,00€ cara a contribuir polo Parlamento a afrontar a situación económica ocasionada pola COVID19. Este expediente consistiu nunha modificación orzamentaria realizada ao abeiro do disposto nos artigos 10 e 15 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (BOPG núm. 362, do 27 de maio de 2003), coa finalidade de habilitar o crédito existente na Tesouraría e poder así transferirlo á Xunta de Galicia, previamente informado pola Intervención do Parlamento, co conseguinte acordo adoptado en sesión do 3 de abril de 2020 pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento, do que se deu conta ao Pleno do Parlamento de acordo ao previsto no artigo 57.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia na sesión plenaria do 22 de setembro de 2020.

É dicir, non se precisou de convenio ou outro documento para a súa formalización á parte do mencionado acordo do que se achega unha copia.

2.º) En relación coa solicitud de “datos actualizados do gasto e xustificación” e “se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.”, o Parlamento non dispón de información sobre o destino final ao que a Xunta de Galicia dedicou ou poida dedicar os fondos transferidos. Motivo polo que ao non estar esa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA

26 OUT. 2020

Núm. 882

información no noso poder, trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

Non obstante, cómpre indicarle que a transferencia efectuouse sen unha concreción finalista mais alá de "contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID19". Como sabe a pandemia existente supón un maior esforzo económico das arcas públicas en todos os eidos amén do incremento dos gastos de carácter sanitario. Ao que hai que engadir o recordatorio de que en materia orzamentaria rexe o principio de universalidade, o que supón que o excepcional son os ingresos claramente afectados a un fin determinado.

3.") En relación coa solicitude de "información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreto deste", o Parlamento non é o titular da conta bancaria no que se efectuou o ingreso, senón a Xunta de Galicia, motivo polo que ao non ser titular a Cámara desa información trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

O que se comunica en cumprimento do disposto no art. 19.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, en relación co art. 27.1 da Lei de Galicia 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020.

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO